

Educando para a Sustentabilidade:

Proxecto Mariña Ambiental UDC – Fundación Alcoa

A Universidade da Coruña (UDC), no marco do Proxecto EDUCANDO PARA A SUSTENTABILIDADE, que conta coa colaboración da **Fundación Alcoa**, organiza os ciclos ‘Mariña Ambiental UDC-Fundación Alcoa’, distribuídos ao longo do curso 2021-2022, e dirixidos aos Centros escolares da Mariña Lucense. O proxecto é continuidade do desenvolvido na propia UDC desde o ano 2017 (Proxecto EDUCANDO PARA A SUSTENTABILIDADE na UDC, Memoria 2020: [Campus, Casa, Cidade: Laboratorios do cambio](#)).

OBXECTIVO: ECONOMÍA CIRCULAR E CAMBIO CLIMÁTICO

Educando para a Sustentabilidade: Mariña Ambiental UDC-Fundación Alcoa é un proxecto de formación en sustentabilidade con actividades eminentemente prácticas e co obxectivo de formar nos conceptos básicos relacionados coa sustentabilidade e desenvolver a capacidade do estudantado e dos propios centros escolares da Mariña para actuar en cuestións hoxe prioritarias tais como:

- a) Reducir o consumo de auga e enerxía, e as emisións de gases de efecto invernadoiro.
- b) Xestionar os residuos seguindo os principios de prevención, recollida separada, compostaxe e reciclaxe.
- c) Concienciar sobre os diferentes tipos de contaminación: do solo, atmosférica, hídrica, acústica, luminosa, térmica, incluíndo a problemática dos microplásticos nos ecosistemas e na saúde.

O obxectivo esténdese á formación do profesorado da Mariña sobre o concepto de pegada ecolóxica e o uso das ferramentas de cálculo desenvolvidas pola propia UDC.

Estas actividades buscan incidir en tres niveis: persoal-familiar (fogar), centro de estudo, e comunidade local, aumentando non só a concienciación sobre os problemas ambientais senón tamén a capacidade para actuar e acadar un estilo de vida e unha sociedade máis sustentable.

O programa desenvólvese mediante diferentes actividades formativas, proxectos prácticos e visitas ao campus e centros da UDC.

Actividades formativas

En total 10 actividades que se distribúen en tres módulos temáticos de formación. Todas as actividades (excepto M2.4) poderán desenvolverse presencialmente en aula ou ben na modalidade telemática.

As actividades escolleranse entre as seguintes, podendo combinarse de diferentes módulos:

Módulo 1: AUGA

- M1.1. Eco-auditoría da auga na casa e no centro escolar (palestra-obrairo)
- M1.2. Mapeo colaborativo de equipamentos consumidores de auga (calculadora Emapi UDC)
- M1.3. Depuración natural de augas residuais, humidaes construídos (palestra-obrairo)

Módulo 2: RESIDUOS

- M2.1. Cálculo da pegada ecolóxica da xeración de residuos (calculadora Emapic UDC)
- M2.2. Eco-auditoría de residuos (cantidades, composición e recollida separada na casa e no centro) (palestra-obradoiro)
- M2.3. Experiencia práctica de compostaxe no centro de ensino (palestra-obradoiro)
- M2.4. Limpezas do entorno natural: praias, ríos, Plogging (actividades de campo).

Módulo 3: ENERXÍA

- M3.1. Cálculo da pegada ecolóxica da mobilidade (calculadora Emapic UDC)
- M3.2. Cálculo da pegada ecolóxica do consumo enerxético (calculadora Emapic UDC)
- M3.3. Eco-auditoría da enerxía na casa e no centro (palestra-obradoiro).

Proxectos prácticos

Proxectos de sustentabilidade ambiental nos centros da Mariña: o programa inclúe o asesoramento e apoio económico á implantación de sistemas de xestión e mellora de equipamentos e infraestruturas para eficiencia no uso de auga e da enerxía, ou para xestión de residuos, entre outros.

Convidase a que os centros da Mariña, a través das súas direccións e implicando tanto ao profesorado como alumnado, fagan as súas propias propostas de proxectos de sustentabilidade que serán avaliados polo equipo da UDC. A UDC elixirá dous dos proxectos presentados para a súa implantación na que colaborará con asesoramento científico-técnico e financiamento económico (até 1.500 euros por proxecto).

Exemplos de proxectos financiáveis:

- Implantación dun sistema de recollida separada de residuos no centro
- Instalación dunha área de compostaxe de residuos orgánicos
- Programa de actuacións en eficiencia e aforro do consumo de auga
- Programa de actuacións en eficiencia e aforro de enerxía
- Instalación dunha planta piloto de depuración por humidal
- Outros (a detallar polo centro): _____

O equipo da UDC asesorará ao persoal dos centros no desenvolvemento dos proxectos propostos, ben a través de sesións online ou de visitas presenciais ao centro.

Visitas ao campus da UDC

Visita guiada á UDC para coñecer actuacións de sustentabilidade en marcha (sistemas de compostaxe descentralizada de residuos de comedor, planta piloto de depuración por humidal, sistemas de drenaxe urbana sostible, hortas urbanas, xestión eficiente da auga nos centros, proxectos de rehabilitación e eficiencia enerxética en edificios, instalacións de enerxía renovable, etc). O proxecto inclúe o

financiamento da visita de grupos de alumnado de ao menos dous centros da Mariña aos campus da UDC na Coruña ou Ferrol.

EQUIPO CIENTÍFICO-TÉCNICO

O proxecto Educando para a Sustentabilidade foi desenvolvido por un grupo multidisciplinar de profesorado e investigadores/as da UDC. En función das actividades concretas a programar, asignarase o profesorado axeitado, incluíndo no seu caso monitores de educación ambiental externos.

CALENDARIO

O ciclo **`Mariña Ambiental UDC – Fundación Alcoa`** conta cun calendario flexible, de acordo coas seguintes indicacións:

- A) **Actividades online:** os centros da Mariña poden propor calquera data e hora, ou varias alternativas, que serán aceptadas segundo as posibilidades do equipo da UDC.
- B) **Actividades presenciais:** concentraranse preferentemente nos seguintes períodos
 - Novembro 2021: Actividades formativas
 - Xaneiro-Febreiro 2022: Actividades formativas, Definición de proxectos.
 - Segunda quincena de Abril 2022: Actividades formativas, Implantación de proxectos, Visitas campus UDC
 - Segunda quincena de Xuño 2022: Actividades formativas, Implantación de proxectos, Visitas campus UDC

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

Prazo de preinscrición aberto **ata o 31 de outubro**. Antes desa data deberá anotar ao seu Centro nas actividades que lle resulten de interese. Se se trata calendarización con moita antelación, terá a opción de indicar nas cuestións do formulario que a data é orientativa, e logo poderase concretar ao achegarse o momento.

Ligazón ao [FORMULARIO DE PREINSCRIPCIÓN](#)

A UNIVERSIDADE DA CORUÑA COA SUSTENTABILIDADE

Creada en 2008, a Oficina de Medio Ambiente da UDC coordina a xestión ambiental, os programas de educación para a sustentabilidade e o Programa Green Campus. A UDC conta con 7 Bandeiras Verdes como recoñecemento ao seu labor no programa internacional Green Campus, certificadas polas entidades externas ADEAC e a FEE (Foundation for Environmental Education). O ranking GreenMetric situou a UDC na posición 65 a nivel mundial (e nº 5 española) entre as 911 universidades avaliadas no ano 2020. Desde 2017, a UDC está a desenvolver o "Campus Sustentabilidade", área de especialización no ámbito do sistema universitario galego.